

RESOLUCIÓN

“Mellora da capa de rodadura no vial dende o lugar de Mirón (Bértoa) ata a estrada DP-1902 Carballo-Razo” (OBR. 13/2018) incluída no Plan de Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2018” da Deputación Provincial da Coruña. Exclusión de licitador.

Antecedentes.-

Primeiro.- Por Decreto da Alcaldía núm. 1898/2018 de 26/07/2018, aprobouse o expediente de contratación, mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación e tramitación ordinaria, dun contrato de obra “Mellora da capa de rodadura no vial municipal dende o lugar de Mirón (Bértoa) ata a estrada DP-1902 Carballo-Razo” (OBR. 13/2018).

Segundo.- Segundo o establecido no Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares (en adiante PCAP), “as empresas que non superen a puntuación mínima do 50% dos puntos asignados na FASE 1 coa suma da puntuación correspondente aos criterios de valoración: plan de control de calidade, programa de traballo, programa de actuación medioambiental e esquema do plan de seguridade e saúde, non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídos da segunda fase e do procedemento aberto con multiplicidade de criterios.”

Terceiro.- A Mesa de contratación, na sesión celebrada o 9 de novembro de 2018, en acto público de valoración da documentación do sobre C, propón ao órgano de contratación a exclusión da seguinte empresas por non superar o umbral mínimo do 50% dos puntos establecidos no epígrafe 8.4 do CCC e Anexo IV, último parágrafo, do prego de cláusulas administrativas particulares:

- 1) ARIAS INFRAESTRUCTURAS, SA.

Polo anteriormente exposto **RESOLVO:**

Primeiro.- Avocación.

Avocar a competencia delegada por Decreto da Alcaldía nº 1938/2015 de 16 de xuño de 2015 na Xunta de Goberno Local, segundo o establecido no art. 10 da Lei 40/2015, do 01 de outubro do Réxime Xurídico Do Sector Público. Da presente resolución darase conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que celebre.

Segundo.- Exclusión.

Excluír á seguinte empresa do procedemento de contratación da obra Mellora da capa de rodadura no vial municipal dende o lugar de Mirón (Bértoa) ata a estrada DP-1902 Carballo-Razo” (OBR. 13/2018) , por non superar o umbral mínimo do 50% dos puntos establecidos no epígrafe 8.4 do CCC e Anexo IV, último parágrafo, do prego de cláusulas administrativas particulares:

- 1) ARIAS INFRAESTRUCTURAS, SA.

Terceiro.- Publicidade.

Notificar este acordo aos interesados e efectuar a correspondente publicación do presente acordo no perfil do contratante.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Secretario

José Villán Fuertes